

1º INFORME SOBRE A REAPERTURA DOS CENTROS DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL PARA A ATENCIÓN PRESENCIAL: ENTRANDO NA “NOVA RNORMALIDADE”

Período que comprende o informe: 1 ao 12 de xuño de 2020

1.- DENDE AS ASOCIACIÓNS FEDERADAS DE SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA

Tras o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, as recomendación e indicacións feitas dende a Consellería de Sanidade, a Consellería de Política Social e o Goberno Central, decídese pechar tódolos servizos de xeito presencial: centros de rehabilitación psicosocial e laboral e demais programas e proxectos das asociacións. Tan só os **pisos protexidos e residencias seguiron abertos e con servizos, con todas as restricións impostas polas autoridades sanitarias**. A situación tornouse moi complexa e **a prolongación do confinamento fixo mella nas persoas e nas familias paulatinamente**.

Posteriormente, coa desescalada e a proposta do goberno das diferente fases da mesma, tanto dende as entidades como dende a propia Federación, **foise traballando no escenario dunha posible reapertura para atención presencial** cando as condicións o fixeran posible e as autoridades sanitarias autonómicas marcaran as pautas a ter en conta para facelo. No caso dos **centros de rehabilitación** é a Consellería de Sanidade a responsable de definilas e concretalas.

Os **centros ocupacionais e centros de día**, xestionados polas entidades federadas e financiados pola Consellería de Política social, non forman parte deste informe xa que deberán permanecer pechados ata setembro, segundo indicacións da propia Consellería. Non obstante, poderán ofrecer atención presencial individual nos mesmos se de cumprirse unha serie de requisitos, recomendacións e procedementos bastante estritos. A data da redacción deste informe, os centros das nosas entidades non están operativos.

Os **pisos protexidos e residencias** seguen abertos, nunca pecharon durante o estado de alarma, adaptándose ás recomendacións e indicacións para a “nova normalidade” e flexibilizando certas prácticas en vigor durante o estado de alarma: saídas, visitas familiares, acudir aos centros de rehabilitación, paseos, etc...

Entidades que reportan datos:

A CORUÑA	
Fonte da Virxe	Si. Aberto dende 4 de xuño
A Creba	Si. Aberto dende 25 de maio e 1 de xuño
APEM	Si. Aberto dende 25 de maio, 1 de xuño e 8 de xuño
S.M. Ferrol, Eume e Ortegal	Si. Aberto dende 25 de maio
ASPANEPS	NON
Andaina	Si. Aberto dende 1 de xuño
LUGO	

Albores	NON
Alume	SI. Aberto dende 3 de xuño (Lugo)
A Mariña	SI. Aberto dende 1 de xuño e 8 de xuño
PONTEVEDRA	
Doa	SI. Aberto dende 25, 26 e 27 de maio
Alba	SI. Aberto dende 1 de xuño
Avelaíña	SI. Aberto dende 4 e 9 de xuño
Lenda	SI. Aberto dende 1 de xuño
Lar	NON
OURENSE	
Morea	NON

Unha vez rematada a Fase III e coa entrada na nova normalidade, as entidades reactivaron na súa meirande parte a súa atención presencial ou, a lo menos, a posibilidade de poder facelo nas mellores condicións posibles. Tomáronse, en xeral, as seguintes medidas para adaptarse ás novas circunstancias:

☒ Das medidas organizativas:

- De redefinición do uso de espazos: talleres, despachos, zonas de uso común, etc.
- Da disposición e uso de materiais nos talleres
- Do uso de transporte propio de cada unha das entidades
- De entrada e saída de persoas nas instalacións
- De horarios e organización dos profesionais: quendas, horarios de atención...
- Da posta en marcha de todas as medidas de protección e hixiene recomendadas: informes dos servizos de prevención, formación, distanciamento físico nas instalacións, medidas de reforzo da limpeza, sinalización de espazos e recomendacións de hixiene, dispoñibilidade de máscaras e xeles hidroalcohólicos, definición de normas de uso dos espazos, etc.
- Da posta en marcha de todos aqueles protocolos e procedementos ditados polas autoridades sanitarias

☒ Da activación adaptada de programas e servizos:

- Contacto previo coas persoas usuarias e as súas familias
- Información sobre a posibilidade de acudir ao centro e as medias tomadas
- Horarios e días de atención en cada centro
- Control das persoas que acoden cada día ao centro
- Definición do número máximo de persoas nos grupos de traballo e para cada espazo

1.1.- APERTURA DOS CENTROS

Dende o 25 de maio empezaron a abrir paulatinamente algúns dos centros (6 deles) para poder iniciar as súas actividades rehabilitadoras e de atención presencial, ter unha primeira toma de contacto e poder avaliar a situación das persoas tras o confinamento.

Xa dende primeiros de xuño e nos días seguintes, abren as súas portas ás persoas -en horario de mañá ou mañá e tarde- o resto dos centros das entidades que reportan os datos (11 entidades en total e 23 centros). Un dos centros das entidades que reportan os datos (CPRL de Guitiriz-Lugo) non abre por mor das limitacións espaciais do propio centro, ademais das limitacións no transporte das persoas usuarias polo 065 que, ademais de realizar o servizo só tres veces por semana, reduce ao 50% o número de viaxeiros por desprazamento. Estas razóns leváronos a expor, polo menos provisionalmente, a implantación dun servizo de atención a domicilio para complementar a atención telefónica diaria que están a prestar.

Todos os centros, de xeito máis ou menos intenso e regular, **seguen dándolle continuidade á atención telemática ou telefónica e en domicilios**, tanto coas persoas usuarias dos servizos como coas súas familias. Este tipo de intervencións van ser irremediabes durante un tempo, quen sabe se poderán converterse en algo normal e habitual, e existirán en paralelo á atención presencial mentres no se normaliza a situación. De feito, nos datos reportados, aínda que tan só unha parte das entidades o sinalan, téñense dado máis de 500 atencións deste tipo na actualidade.

Os programas que se activan son, basicamente os mesmos en todos os centros. Incorporáranse, en boa parte deles, actuacións específicas en relación á nova normalidade e todo o que isto supón para as persoas na súa volta ao centro: cambios nos espazos, nos horarios, no uso das instalacións, nas medidas de hixiene e distanciamento... Basicamente, e de xeito xeral, os programas dos centros que están funcionando – con todas a particularidades e limitacións do caso- son:

Situación específica “post” confinamento:

- Atención das necesidades básicas/valoración psicolóxica e funcional
- Educación sanitaria, medidas de protección e hixiene/afrentamento da situación actual
- Seguimentos con cita previa

Programas carteira de servizos básica dos centros:

- Información e orientación
- Talleres de rehabilitación/psicoeducación/estimulación cognitiva
- Atención e apoio psicolóxica individual e grupal (a persoas usuarias e familias)
- Control da medicación/prevenção recaídas
- Ocio

Para atender a estas actuacións presenciais nos centros, están a traballar nos mesmos **124 profesionais** que atenderon nestas dúas primeiras semana de xuño a preto de **600 persoas de xeito presencial**.


Das persoas que teñen acudido aos centros, o **94% eran persoas usuarias dos mesmos** e o **5% familiares seus**.

Do total das persoas atendidas nestes primeiros días de apertura, reportáronse **23 incidencias**, un **4% do total** das persoas que acudiron aos centros. No **60% deles non se reporta ningunha**.

As incidencias fan referencia a:


- Descompensacións psicopatolóxicas
- Adaptacións ás novas circunstancias do centro (usuarios e familias)
- Identificación de posibles síntomas compatibles coa COVID-19
- Ingreso hospitalario (na COVID)

2.- GRÁFICOS RESUMO DOS DATOS FACILITADOS POLAS ENTIDADES FEDERADAS NAS CATRO PROVINCIAS




APERTURA DOS CENTROS


■ Centros abren en maio ■ Centros abren en xuño ■ Centros que no teñen aberto



TOTAL PERSOAS ATENDIDAS: 597. INCIDENCIAS: 23

■ Persoas atendidas presencialmente nos centros
■ Familias atendidas presencialmente nos centros
■ Incidencias





3.- VALORACIÓNS QUE PODEMOS EXTRAER DO PROCESO DE REAPERTURA NO PERIODO (1 a 12 de xuño)

Pautas seguidas polas entidades, de xeito xeral:

- ☒ Limitación das atencións presenciais e prioridade polas atencións individuais fronte ás grupais nestas primeiras semanas
- ☒ Seguir coa comunicación telefónica e telemática, e atención a domicilio con persoas usuarias e familias
- ☒ Educación para a saúde ante a COVID-19
- ☒ Rexistros de contactos interpersoais das persoas usuarias para facilitar a trazabilidade ante un eventual contaxio
- ☒ Decisións sobre que persoas asisten en base a criterios da súa vulnerabilidade social, necesidade de respiro familiar, necesidade de rebaixar os niveles de ansiedade por mor do confinamento... en definitiva, aquelas que amosen unha maior necesidade de intervención

Segundo reportan as entidades, a realidade coa que se atopan, en xeral, é a seguinte:

En canto ao estado das persoas usuarias que se incorporaron á actividade presencial, aínda que en xeral o seu estado é bo, coméntase:

- ☒ Desexo de reiniciar a actividade por sentimentos de soidade nunha parte deles e delas

- ☒ Ansiedade que empezaba a afectar á convivencia familiar
- ☒ Necesidades das familias
- ☒ Visitas a domicilio para persoas dos centros, que por ser persoas con outras patoloxías de risco seguen sendo atendidas telemática ou presencialmente nos seus domicilios
- ☒ Obsérvase unha necesidade importante de reiniciar actividades, moitos deles e delas non facían ningunha actividade na casa, así como a necesidade de descanso mutuo que teñen tanto as persoas usuarias como as súas familias
- ☒ O deterioro dos hábitos de sono e de coidado persoal afectaron a unha porcentaxe elevada das persoas usuarias
- ☒ Varias persoas necesitaban a reapertura canto antes debido a certo abandono no seu autocoidado e retroceso nas habilidades básicas na súa autonomía e socialización
- ☒ Sorpresa por parte das persoas usuarias ante as normas hixiénicas e nova disposición dos espazos nas instalacións
- ☒ Prodúcese demoras de tempo, para empezar e terminar actividades, polo protocolo de hixienización persoal. Ademais de control de fluxo de entrada e saída de persoas, xa que é por quendas de dúas, comprobación de máscaras, cuestionarios e limpeza de superficies usadas polas persoas usuarias e o persoal. Persoal dedicado a controlar que cada vez que entra calquera persoa ao centro, lavado de mans ou uso do xel, como tamén cada vez que se vai ao baño. Organización complicada para cadrar os horarios do centro que son reducidos, coas particularidades individuais de cada persoa (horarios de autobús reducidos, citas médicas...). Complicación para adaptarse aos novos horarios do centro por parte das persoas usuarias
- ☒ Nalgunha das zonas (especialmente nos centros situados no ámbito rural) complicase a asistencia pola falta de transporte público, pecháronse liñas e os horarios non se compaxinan coa asistencia aos centros

Comentarios e reflexións finais:

O confinamento precisamente non axudou ás persoas con problemas de saúde mental a nivel xeral e semella que esta situación foi negativa para a evolución da súa situación, aínda que sempre hai matices porque a patoloxía psiquiátrica é heteroxénea e diferente segundo cada persoa, contexto e circunstancias. As persoas que viven soas o teñen levado moito peor.

Unha boa parte das persoas con trastornos mentais graves que, xeralmente, non teñen un excesivo desexo de socialización, o confinamento non o teñen levado de todo mal (con todas a salvedades das extremas circunstancias e tendo en conta que os seus tratamentos víronse paralizados e xa veremos cando e como se retoman). Outra cousa poden ser as súas familias ou coidadoras principais.

O progresivo retorno a unha estrutura máis fixa que se ten podido desaxustar co confinamento, poderá ser útil e haberá que ver como se van adaptando a estas novas circunstancias: eles e elas, pero tamén as súas familias e/ou coidadoras principais.

O saír pouco a pouco e ir facendo as cousas que se facían antes é importante, pero tamén pode desencadear respostas como sentirse fóra de lugar, estraño ou atafegado por esta “nova normalidade”.

É preciso continuar cos seguimentos telemáticos e nos domicilio como xeito de acompañar ás persoas e ás familias na súa reincorporación paulatina.

Retomar axiña a participación nos programas e actividades rehabilitadoras é importante. Ver de onde partimos despois de case tres meses pechados na casa é importante para saber cara onde ir.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2020